















Instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito

Instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito

Índice

1	Obxecto	2
2	Instrucións para racionalizar os horarios.....	2
3	Procedemento	4
4	Reforma das instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito	4

Redacción	Validación	Aprobación
Responsables de docencia e calidade do centro	Comisión de Calidade	Xunta de Facultade
Data e sinatura 08/7/2015	Data e sinatura 23/07/2015	Data e sinatura 03/03/2016
 Roberto O. Bustillo Bolado Decano da Facultade de Dereito	 Marta Fernández Prieto Presidenta da Comisión de Calidade	 Marta Fernández Prieto Decana da Facultade de Dereito
 Susana Alvarez González Vicedecana de Organización Académica	 M.ª Dolores Fernández Fustes Secretaria da Comisión de Calidade	 Concepción Martínez Martínez Secretaria da Facultade de Dereito
 Marta Fernández Prieto Vicedecana de Planificación e Calidade		

Reforma	Validación	Aprobación
Responsables de docencia e calidade do centro	Comisión de Calidade	Xunta de Facultade
Data e sinatura 10/01/2018	Data e sinatura 24/01/2018	Data e sinatura 28/02/2018
 Marta Fernández Prieto Decana da Facultade de Dereito	 Miguel Michinel Álvarez Presidente da Comisión de Calidade	 Marta Fernández Prieto Decana da Facultade de Dereito
 Francisca Fernández Prol Vicedecana de Organización Académica	 Concepción Martínez Martínez Secretaria da Comisión de Calidade	 Concepción Martínez Martínez Secretaria da Facultade de Dereito
 Miguel Michinel Álvarez Vicedecano de Planificación e Calidade		

1 Obxecto

No marco do Espazo Europeo de Educación Superior, a elaboración e aprobación dos horarios docentes acadaron unha considerable complexidade. Á nova configuración dos estudos, súmase, por outra banda, a asunción polo profesorado de cargas docentes variables, en non poucos casos determinantes da impartición de docencia en múltiples cursos, titulacións e centros.

Por todo elo, para axilizar e simplificar o proceso de confección e aprobación de horarios no Grao en Dereito, inclusive no plan conxunto ADE-Dereito, a Facultade de Dereito dótase, por medio da presente normativa, dun procedemento de elaboración de horarios, adoptando, así mesmo, os criterios materiais de ordenación do mesmos. Deste xeito, a Facultade de Dereito pretende facilitar a planificación académica anual do estudantado e do profesorado, atendendo aos seus intereses, contribuír á calidade da docencia e optimizar e racionalizar o emprego dos espazos do centro.

A tal efecto, cómpre lembrar que, consonte o artigo 43.i dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, corresponde á Xunta de Centro “a preparación e a coordinación, de modo eficaz e axeitado, do horario das distintas materias”. Pola súa banda, o artigo 9 do Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro da Universidade o 3 de abril de 2001, establece que “os horarios de clases e de exames serán fixados por unha comisión delegada da Xunta de centro atendendo aos intereses de profesores/as e estudantes”. Na Facultade de Dereito, tal é a denominada “Comisión Permanente”, definida polo artigo 20 do Regulamento de réxime interno da Xunta de Facultade, das comisións delegadas e doutros órganos colexiados da Facultade de Dereito, como “unha comisión delegada da Xunta de Facultade de carácter estable e ámbito de competencia xeral”.

De conformidade cos principios de legalidade e xerarquía normativa, no proceso de elaboración e aprobación de horarios, a Facultade de Dereito atenderá ao disposto nas normas de rango superior que resulten de aplicación, sinaladamente na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia. Segundo esta –art. 95.2-, “na elección de materias que se impartan conforme o plan de ordenación docente, atenderase preferentemente á especialización docente de cada profesor ou profesora. Na elección de horarios de impartición das materias terá preferencia o profesorado de maior categoría académica, e no caso de igualdade, o de maior antigüidade nesta, todo isto sen prexuízo das medidas de conciliación da vida familiar e laboral previstas nesta lei”. Pois, segundo o art. 96 da citada Lei: “1. As universidades do SUG prestarán especial atención ao dereito de conciliación da vida familiar e laboral do seu persoal docente e investigador. 2. Ademais doutros dereitos recoñecidos legal e regulamentariamente e da aplicación das medidas concretas acordadas en cada universidade, o persoal docente e investigador das universidades galegas con dedicación a tempo completo terá os seguintes dereitos: a) Terá preferencia na elección de materias docentes para impartir e de horarios, sempre que sexa posible, quen teña ao seu cargo un fillo ou unha filla menor de tres anos, ou quen teña ao seu cargo exclusivo e conviva no mesmo domicilio con

familiar ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade e de grao III de dependencia (gran dependencia). b) Terá preferencia na elección de horarios respecto doutro profesorado da mesma categoría profesional, sempre que sexa posible, quen teña ao seu cargo un fillo ou unha filla maior de tres e menor de doce anos, ou quen teña ao seu cargo exclusivo e conviva no mesmo domicilio con familiar ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade e de grao III (gran dependencia), e non se encontre no suposto previsto na alínea anterior. 3. Nos supostos previstos na alínea anterior, os membros de familias monoparentais terán preferencia sobre o resto. 4. Os dereitos recoñecidos neste artigo extinguiranse ao rematar o curso académico”.

2 Instrucións para racionalizar os horarios

Cada ano, unha vez se aproben polos Consellos de Departamento os correspondentes Plans de Ordenación Docente e velando en todo caso pola efectiva aplicación dos mesmos, o equipo decanal elaborará unha proposta de horarios. Tal proposta, que se confeccionará tomando como referencia os horarios do curso precedente, atenderá aos encargos docentes do profesorado e ás regras a continuación sinaladas.

Primeira

Con carácter xeral:

1. Todas as clases impartiranse sen solución de continuidade, sen que existan tempos de espera para o estudantado, sen prexuízo de que o profesorado respecte uns dez minutos de descanso entre clase e clase.
2. As sesións de teoría dunha mesma materia terán unha duración máxima diaria de dúas horas consecutivas.
3. Na medida do posible, os venres non se programarán clases do Grao en Dereito.
4. O número de horas de clase será o máis homoxéneo posible ao longo de toda a semana.

Segunda

No Grao en Dereito:

1. Nos tres primeiros cursos (seis primeiros cuatrimestres):
 - (i) As clases impartiranse en horario de mañá, comezando todos os días non máis tarde das 9.30 horas.
 - (ii) As clases de teoría localizaranse de luns a xoves ao inicio de cada quenda de mañá.
 - o Nos cuatrimestres con catro materias, a impartición dos grupos de teoría terá lugar de luns a xoves en dúas franxas consecutivas a partir da primeira hora da mañá.

- Nos cuadrimestres con cinco materias, a impartición dos grupos de teoría terá lugar de luns a xoves en dúas ou tres franxas consecutivas a partir da primeira hora da mañá.

(iii) Á petición dalgunha das áreas implicadas, as franxas horarias reservadas aos grupos de teoría alternaranse en sucesivos cursos académicos, sen prexuízo, no seu caso, da aplicación dos criterios de preferencia sinalados pola normativa de aplicación –así, pola Lei do Sistema Universitario de Galicia–.

(iv) En todo caso, os grupos medianos impartiranse de luns a xoves tras a última quenda de grupos de teoría e, se fose necesario, os venres.

(v) Con carácter xeral, evitárase que as clases rematen despois das 15.00 horas.

2. No último curso (dous últimos cuadrimestres):

(i) Os horarios das materias optativas non poderán solaparse nin coas obrigatorias nin entre si.

(ii) Para facilitar o desenvolvemento das prácticas externas, as clases do segundo cuadrimestre programaranse en horario de mañá dous días exclusivamente e a docencia restante impartirase en horario de tarde. Á petición dalgunha das áreas implicadas, a asignación de materias á quenda de mañá alternarase en sucesivos cursos académicos, sen prexuízo, no seu caso, da aplicación dos criterios de preferencia sinalados pola normativa de aplicación –así, pola Lei do Sistema Universitario de Galicia–.

Terceira

No plan conxunto ADE-DEREITO, os horarios do correspondente grupo específico coordinaranse cos horarios de ADE, procurando que non existan tempos de agarda entre clases para os/as estudantes.

3 Procedemento

Unha vez se aproben os Plans de Ordenación Docente polos Consellos de Departamento, o equipo decanal elaborará, consonte os criterios mais arriba referidos, unha proposta de horarios, requirindo a tal efecto remisión polo profesorado da docencia asignada no curso académico correspondente. Nos sete días naturais seguintes ao envío da proposta de horarios, e respectando en todo caso a súa estrutura, así como as instrucións máis arriba referidas, poderán presentarse solicitudes de modificación, en todo caso consensuadas por todas/os as/os docentes con docencia nas materias afectadas.

Consonte os artigos 9 do Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo e 20 do Regulamento de réxime interno da Xunta de Facultade, das comisións delegadas e doutros órganos colexiados da

Facultade de Dereito, a comisión permanente é o órgano competente para aprobar os horarios, considerando, no seu caso, as propostas de modificación presentadas polo profesorado. Os horarios publicaranse antes do comezo do proceso de matrícula e non se poderán modificar agás por causa de forza maior e mediando a aprobación da Xunta de Facultade.

4 Reforma das instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito

A reforma das instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito efectuarase consonte o previsto no Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Facultade, das Comisións Delegadas e de outros órganos colexiados da Facultade de Dereito.

Dilixencia para facer constar que as "Instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito" foron modificadas pola Xunta da Facultade de Dereito de Ourense o día 28 de febreiro de 2018 e publicadas oficialmente na web e no taboleiro de anuncios da Facultade o día 6 de marzo de 2018.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito